

TRES RECORDOS DE XUVENTUDE

135

[Arnaud Desplechin, 2015]

ESTREA EN NUMAX: 29.07.2016 | V.O.S.E. | +12

FICHA TÉCNICA

Trois souvenirs de ma jeunesse (2015, 123')

Dirección: Arnaud Desplechin

Guión: Arnaud Desplechin, Julie Peyr

Reparto: Mathieu Amalric, Lou Roy-Lecollinet, Quentin Dolmaire, Léonard Matton, Dinara Drukarova, Cécile Garcia-Fogel, Jeanne Dédalus, Françoise Lebrun, Irina Vavilova

Montaxe: Laurence Briaud

Dirección de arte: Laurent Baude, Louise le Bouc Berger

Son: Sylvain Malbrant

Música: Grégoire Hetzel, Mike Kourtzer

Fotografía: Irina Lubtchansky

Produtora: Why Not Productions (Francia)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA

Jimmy P., 2013

Un cuento de navidad, 2008

L'aimée, 2007

Reyes y reina, 2004

Esther Kahn, 2000

Comment je me suis disputé... (ma vie sexuelle), 2001

La centinela, 1992

La vida de los muertos, 1991

PREMIOS

Cannes 2015 (Quincena de Realizadores, Premio SACD), César 2015 (mellor director e 11 nominacións),

Chicago 2015 (mellor dirección artística), Lumière 2016 (mellor director e banda sonora)

SINOPSE

Paul Dedalus deixa Taxiquistán lembrando a súa infancia en Roubaix, as tolas crises da súa nai, o vínculo que o unía a seu irmán Ivan, neno piadoso e violento. El lembra os seus 16 anos, seu pai, viúvo inconsolábel, a viaxe á URSS onde unha asignación clandestina o levaría a ofrecer a súa propia identidade a un mozo ruso.

«Lúcida, conmovedora, arrebatada. Diríase que unha obra mestra.»

Luis Martínez. EL MUNDO



TRES RECORDOS DE XUVENTUDE

[Arnaud Desplechin, 2015]

“Os procesos de memoria non teñen un relato lóxico”

Entrevista a Arnaud Desplechin

Por Jazz Tangcay

Unha cousa que me impresiona é a fermosura da narración de *Tres recordos da miña xuventude*. Fálame sobre iso. Grazas polo comentario. Cando comecei escribilo sabía que non quería facer unha novela. Iso xa o tiña feito en *Comment je me suis disputé... (ma vie sexuelle)* (1996). Cando me mergullo nas miñas propias memorias, agroman anacos e fragmentos que non teñen sentido. Daquela, souben que quería tres historias mellor ca unha.

Cada historia podería pertencer a áreas diferentes, a primeira é case un poema sobre a infancia. Logo temos a viaxe á URSS e finalmente chegamos á parte da madurez. Pensei que así sería diferente e máis aproximado á composición dos procesos de memoria que non teñen un relato lóxico, senón fragmentos que se van recollendo e recompoñendo. Logo olleinas e imaxinei en como puideren chegar a esas experiencias e que sentido teñen. Ese é o camiño que tentei construír no meu cerebro, antes de acometer a narración.

Cales foron as túas inspiracións á hora de construír a historia?

Unha chea de filmes. Ollei os primeiros traballos de Milos Forman como *Los amores de una rubia* (1965). Gústanme os filmes sobre o crecemento como *Rebeldes* (Francis Ford Coppola, 1983). *All the Real Girls* (David Gordon Green, 2003) foi outra inspiración. Todos eles forneceron o meu traballo. Tamén un filme realmente marabilloso como é *Un verano con Mónica* (Ingmar Bergman, 1952) tivo unha gran relevancia.

Entre as túas escollas técnicas no filme atópase o uso da pantalla dividida. A que se debe?

Como dixeron o filme constrúese a partir de tres historias. Cando na parte principal aparece Esther ocorréuseme proporlle ao espectador, dun xeito lúdico: «Esquezámonos de todo o que vimos. Vexamos o que acontece agora». Daquela precisaba inventar algo cun estilo novo para denotar este cambio.

Durante as dúas primeiras partes temos un punto de vista, o de Paul.

Na terceira imos mudando cara á irmá, o irmán, o cura; non nos atopamos sempre con Paul. Iso deume a idea de dividir a pantalla con diferentes perspectivas e non só a de Paul. Parecíame divertido.

Publicado en <http://www.awardsdaily.com/>

* * *

“Mathieu Amalric é o meu Mastroianni”

Entrevista a Arnaud Desplechin

Vostede está considerado como un cineasta herdeiro da Nouvelle Vague, que pensa ao respecto?

A Nouvelle Vague é unha influencia que reivindico. E atópome algo só neste tema dentro da miña xeración. A xeración que seguiu a Nouvelle Vague, que eu denominaría como os novos realistas, non me interesaba, eu estaba apaixonado pola renovación do cinema americano dos anos 80. Un día redescubrín os filmes de Truffaut e fíquei abraiado pola súa inventiva formal e o seu gusto polo novelesco. Eses filmes permitíronme converterme en cineasta.

Cales son as fontes de inspiración dos seus filmes?

Os filmes de outros, os filmes que admiro, de Truffaut, Bergman, Scorsese. Hoxe serían Wes Anderson, Paul-Thomas Anderson, Noah Baumbach, Jia Zhang Ke, a listaxe é longa. Son un cineasta cinéfilo. Polo demais, como calquera actor, baséome na miña experiencia persoal, por modesta que sexa. Gústame achegar ao espectador o sentimento do íntimo, da autobiografía, mesmo cando tamén me gusta o relato.

Traballa acotío cos mesmos actores e actrices, por exemplo o imprescindíbel Mathieu Amalric. Escribe sistematicamente os papeis pensando nel?

Rara vez escribo para os actores. Preciso escribir de personaxes que me sorprenden. Logo, distribúo os papeis. Porén, aínda que tento a cada volta ampliar o meu grupo de actores, tamén me gusta ser fiel ás miñas admiracións. Digamos que Mathieu Amalric é o meu Mastroianni.

Publicado en <http://www.ambafrance-cn.org/>

Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Un cuento de navidad.

Arnaud Desplechin. Cameo [DVD]

Jimmy P. Arnaud Desplechin.

Vértigo [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME